



CONCELLO DE MUROS  
(A Coruña)

## BANDO

Da. María Inés Monteagudo Romero, como Alcaldesa-Presidenta do Concello de Muros, en base ás atribucións que me confire a Lei

### FAGO SABER

Que como consecuencia das extraordinarias circunstancias provocadas polo COVID-19, e seguindo as recomendacións da Xunta de Galicia sobre a adopción de medidas preventivas, esta alcaldía en uso da competencia establecida no artigo 21 1m) da LRBRL resolveu mediante Decreto de alcaldía de data 20 de agosto o seguinte:

**Primeiro.-** Suspende as actividades deportivas, educativas, culturais, sociais... organizadas ou autorizadas polo Concello dende hoxe, día 20 de agosto, ata o próximo domingo 30 de agosto. Quedan en suspenso tamén durante ese prazo as autorizacións para uso de locais municipais.

**Segundo.-** Recoméndase seguir con atención as indicacións das autoridades sanitarias e solicítase de toda a veciñanza a máxima colaboración. En particular insistir na obrigatoriedade do uso de máscara, mantemento de distancia social, hixiene respiratoria e de mans. Respetar os aforos recomendados en establecementos abertos ao público e reunións de carácter privado.

Muros, 20 de agosto de 2020

A Alcaldesa



M. Inés Monteagudo Romero